



PROXECTO COMENERG

Comunidade Enerxética Transfronteiriza para a Transición cara á Autonomía e a Sustentabilidade Enerxética das Localidades da Raia - cofinanciado ao 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) dentro do programa Interreg VI-A España- Portugal (POCTEP) 2021-2027.



Visita da RTVG á Oficina Transfronteiriza de Apoio á Transición Enerxética posta en marcha pola Deputación de Ourense grazas ao Proxecto COMENERG.



A mediados de Febreiro a Radiotelevisión de Galicia (RTVG) visitou a Oficina Transfronteiriza de Apoio á Transición Enerxética en Ourense para coñecer de cerca o seu labor no impulso das Comunidades Enerxéticas Locais (CEL). Durante o percorrido, o deputado José María Lago e o CEO de Sertogal, empresa adxudicatária do servizo, destacaron o papel clave da oficina na transformación enerxética da rexión.

Ademais, o equipo de RTVG trasladouse a Muíños para coñecer o traballo da súa Comunidade Enerxética Local, un referente en innovación e compromiso cun modelo enerxético máis sostible e colaborativo.

As CEL son agrupacións de veciños e pequenas e medianas empresas que se asocian para producir a súa propia enerxía, no caso de a través de instalacións fotovoltaicas e permite aforros no consumo de entre 30%e 40%.

Link á Noticia

(máis info...)



Inaugurada a nova oficina para impulsar as Comunidades Enerxéticas Locais!

A Deputación de Ourense inaugurou o pasado mes de Xaneiro a Oficina Transfronteiriza de Apoio á Transición Enerxética, un novo espazo concibido para impulsar as Comunidades Enerxéticas Locais (CEL) na provincia de Ourense e no norte de Portugal.


Desde a súa sede na rúa Río Conso N° 2, Baixo de Ourense, un equipo técnico ofrece asesoramento a concellos, empresas, asociacións e particulares interesados en formar parte dun modelo enerxético máis sostible, participativo e descentralizado.

Entre os principais obxectivos desta oficina destacan a creación de 17 novas comunidades enerxéticas, o desenvolvemento de proxectos piloto na Gudiña, Muíños e Portugal, así como o acompañamento técnico en financiamento, normativa e estrutura xurídica. Tamén levarán a cabo accións de formación e sensibilización para promover o coñecemento cidadán sobre a transición enerxética.

Durante o acto de inauguración, o deputado provincial de Medio Ambiente e Enerxía, José María Lago, subliñou o valor desta iniciativa para reducir a dependencia enerxética e avanzar na loita contra o cambio climático. Como exemplo inspirador, mencionou o caso de Feldheim, un pequeno pobo alemán pioneiro na autosuficiencia enerxética a través de fontes renovables.

A apertura desta oficina, marca un fito no marco do proxecto COMENERG, consolidando a cooperación transfronteiriza e reafirmando a aposta común por un territorio máis limpo, xusto e innovador.

[máis info...]



As Comunidades Enerxéticas Locais están en marcha en Ourense


A Deputación de Ourense está a impulsar ata 17 proxectos de comunidades enerxéticas na provincia e o norte de Portugal a través da Oficina Transfronteiriza para a Transición Enerxética. Un dos primeiros exemplos é o proxecto en Muíños, onde se van a instalar paneis solares no pavillón municipal para xerar 100 kW de enerxía renovable. Isto permitirá aos membros da comunidade reducir ata un 40% a súa factura de electricidade.

Veciños, pequenas e medianas empresas uníronse para producir a súa propia enerxía e diminuír a dependencia das grandes compañías eléctricas. Esta colaboración non só fomenta o aforro, senón tamén a independencia enerxética e a fixación de poboación nas zonas rurais.


Desde Comenerg, continuamos apoiando este modelo sostible que contribúe á transición enerxética e promove un futuro máis verde e xusto para todos.

Únete á transición enerxética!

[máis info...]



Queres estar ao día? síguenos porque o que te imos a contar é relevante



Reunión do proxecto COMENERG, en Viana do Castelo


O pasado 1 de abril, Viana do Castelo acolleu unha reunión clave do Comité de Pilotaxe do proxecto COMENERG, que reuniu os socios portugueses e españois comprometidos co impulso das Comunidades Enerxéticas Locais.

Durante o encontro, celebrado no Instituto Politécnico de Viana do Castelo, revisáronse os avances técnicos e financeiros do proxecto, definíronse os próximos pasos e tratáronse temas estratéxicos como a posta en marcha e funcionamento da oficina transfronteiriza de apoio, as estratexias de comunicación, os proxectos piloto en curso e a coordinación xeral do consorcio.

Este espazo de cooperación reforzou o compromiso conxunto por unha rexión máis sostible, innovadora e colaborativa, aliñada coa Directiva Europea (UE) 2018/2001 sobre enerxías renovables.

Con iniciativas como COMENERG, seguimos construíndo un territorio máis xusto e respectuoso co medioambiente, promovendo o uso de enerxías limpas e renovables como eixo central da transición enerxética na Eurorexión.

[máis info...]




Vauban. O barrio que xera máis enerxía da que consume

Vauban, en Friburgo (Alemaña), é un exemplo de comunidade sostible. Este barrio produce máis enerxía da que consume, grazas aos seus edificios de enerxía positiva, o "Barco Solar" e a súa planta de coxeración con biomasa. Ademais, as súas casas pasivas aproveitan ao máximo a enerxía solar, minimizando o consumo de calefacción.

Este modelo demostra que é posible vivir de maneira máis eficiente e colaborativa. En España e Portugal xa se están impulsando iniciativas similares, como o proxecto de 17 comunidades enerxéticas en Ourense.

Desde Comenerg, traballamos para apoiar este tipo de proxectos e avanzar cara a un futuro enerxético máis sostible.

[máis info...]




Tameiga: pioneiros na primeira Comunidade Enerxética nun monte veciñal

A Comunidade de Montes Veciñais de Tameiga (Mos, Pontevedra) lanzou a primeira Comunidade Enerxética en Galicia baseada en autoconsumo renovable. Con 225 kW de potencia instalada e unha xeración anual de 300 MWh, busca reducir o gasto enerxético e promover a sustentabilidade.

Este caso demostra que as Comunidades Enerxéticas son o camiño para democratizar a enerxía e facela máis accesible para todos. En Comenerg, traballamos para que iniciativas como esta cheguen a Ourense, axudando a comunidades, municipios e empresas a xerar, compartir e aproveitar a súa propia enerxía renovable.

[máis info...]



Carabanchel impulsa a primeira Comunidade Enerxética de Madrid

No barrio de Carabanchel, un grupo de veciños da colonia Terzo Terol decidíu actuar fronte ás altas facturas eléctricas e creou a primeira comunidade enerxética de Madrid. Esta iniciativa busca aproveitar a enerxía solar de maneira colectiva, reducindo custos e promovendo a sustentabilidade.

87 familias organizáronse para aproveitar a enerxía solar dos seus tellados, axudándose mutuamente compartindo os tellados ben orientados e contaron coa axuda de ONG e financiamento con fondos europeos.

Vantaxes para os veciños

Aforro de ata 2.000-3.000€ por instalación.

Financiamento ata un 80% do custo grazas a axudas públicas.

Bonificacións no IBI e compensación pola enerxía sobrante inxectada á rede.

Este proxecto demostra que, mesmo en barrios históricos, é posible impulsar a transición enerxética mediante a colaboración e o uso intelixente da enerxía renovable.

[máis info...]



Comenerg impulsa a creación de Comunidades Enerxéticas Locais: Proxecto EC4Rural



En Comenerg, estamos comprometidos coa creación de comunidades enerxéticas locais que permitan aos cidadáns xerar, compartir e aproveitar enerxía renovable de forma máis accesible e sostible. Un exemplo destacado deste enfoque é o proxecto enerxético EC4Rural, liderado polo noso socio, a Universidade de Vigo (UVigo).

Este ambicioso proxecto ten como obxectivo impulsar a creación de 34 comunidades enerxéticas en zonas rurais de Europa, unindo esforzos de entidades de España, Bélxica e Estonia para fomentar a transición enerxética en áreas rurais.

Quen participan no proxecto EC4Rural?

◆ España: Ademais da UVigo, participan no proxecto entidades clave como a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), a cooperativa Sapiens Enerxía, a Unión Espazocoop de Cooperativas Galegas e a Fundación Juana de Vega. En Galicia, 22 municipios están involucrados, cubrindo case 2.700 hectáreas e beneficiando a unha poboación de 94.000 habitantes.

◆ Estonia: Neste país, as institucións como a Universidade de Tartu, a Asociación de Cidades e Municipios de Estonia, a Axencia Rexional de Enerxía de Tartu e a Unión Estoniana Leader (ELU) participan na creación de comunidades enerxéticas en 12 municipios, cunha poboación de máis de 125.000 habitantes e unha superficie de 9.000 hectáreas.

◆ Bélxica: A Asociación Europea Leader para o Desenvolvemento Rural (ELARD) achega a súa experiencia no desenvolvemento rural a nivel europeo, contribuíndo aos esforzos deste proxecto transnacional.

O camiño cara un futuro enerxético sostible

Desde Comenerg, compartimos esta visión de colaboración internacional e traballamos para replicar iniciativas similares na provincia de Ourense e o norte de Portugal. Estamos convencidos de que a transición enerxética debe ser un esforzo colectivo e que proxectos como EC4Rural demostrannos que xuntos podemos construír un futuro máis sostible e xusto.

✔ Queres saber máis sobre como crear a túa propia comunidade enerxética ou resolver dúbidas?


En Comenerg, estamos aquí para acompañarte en cada paso do proceso. Contáctanos e axudemos a construír o futuro enerxético que a nosa terra merece.

📧 Estamos á túa disposición para asesorarte!

[máis info...]



Queres crear unha Comunidade Enerxética na provincia de Ourense ou norte de Portugal? Nós axudámoste.



En Comenerg cremos firmemente no potencial das Comunidades Enerxéticas Locais para transformar a forma en que xeramos e consumimos enerxía na provincia de Ourense e o norte de Portugal.

Por que crear unha Comunidade Enerxética en Ourense?

🔌 Aforro económico: Xera a túa propia enerxía e reduce as túas facturas eléctricas.

🌿 Sostibilidade: Contribúe á protección do medio ambiente usando enerxías limpas.

🏡 Autonomía enerxética: Gaña independencia e resiliencia fronte aos cambios do mercado enerxético.

👥 Participación cidadana: Enerxía xestionada por e para a comunidade.

Pasos para crear a túa Comunidade Enerxética con Comenerg:

1. Organiza a túa comunidade: Reúne a veciños, empresas ou institucións interesadas no proxecto.
2. Deseña o teu proxecto: Axudámoste a definir o modelo xurídico e estudamos a súa viabilidade técnica e económica.
3. Accede a axudas e subvencións: Orientámoste para obter o financiamento dispoñible, incluídos fondos europeos.
4. Instalación e xestión: Encargámonos de desenvolver a infraestrutura necesaria e xestionar a enerxía xerada
5. Xilaxancia e mellora continua: Aseguramos a sustentabilidade e eficiencia do teu proxecto a longo prazo.

Listo para empezar? Estamos aquí para axudarche en cada paso desde a Oficina Transfronteiriza de Apoio á Transición Enerxética en Ourense.

Visítanos:

📍 Enderezo: R/ Río Conso N° 2 Baixo (Ourense)

☎ Teléfono: 988 510 003

O proxecto COMENERG, cun orzamento de 2.002.015,81€ está financiado ao 75% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) dentro do programa INTERREG VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 e executarase ata Decembro de 2026.

Á parte da Deputación de Ourense son socios neste proxecto a Comunidade Intermunicipal do Alto Minho (CIM Alto Minho), a Axencia Rexional de Enerxía e Ambiente do Alto Minho (AREA Alto Minho), a Universidade de Vigo, o Instituto Politécnico de Viana do Castelo e o Instituto Enerxético de Galicia.

Construamos xuntos o futuro enerxético que merecemos!

Se queres coñecer máis sobre Comunidades Enerxéticas, e en concreto Comenerg na provincia de Ourense e norte de Portugal, podes seguirmos nas nosas redes sociais.



View email in browser  
Recibe esta email porque figura na nosa base de datos como medio de Comunicación ou entidade relacionada co proxecto Comenerg | comunicacion@comenergpoctep.eu | info@la10planta.com  
update your preferences or unsubscribe

